



# CONCELLO DE SANTA COMBA

*Terra de Xallas*

Praza do Concello 1, 15.841 Santa Comba (A Coruña). Tlfs: 981 880 075 - 609 241 138 Fax: 981 880 716  
Web: www.santacomba.es eMail: correo@santacomba.dicoruna.es

## C.P. 7.- COMUNICACIÓN PREVIA DE ESTADAS, PLATAFORMAS ELEVADORAS E VALOS DE OBRA.

### DATOS SOLICITANTE.

Nome e Apelidos / Razón Social.		D.N.I./C.I.F	
Nome e Apelidos do Representante.		D.N.I./C.I.F do Representante.	
Enderezo para notificacións.			
Localidade.		Código Postal.	
Correo Electrónico.		Teléfono.	

### DATOS DA OBRA.

Para realizar obras consistentes en:			
Localización da obra:			
Superficie de ocupación:		Tempo de permanencia instalada:	

#### COMUNICO AO CONCELLO DE SANTA COMBA:

- A instalación de estadas.
- A instalación dunha plataforma elevadora.
- A instalación de valos de obra.

**DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE** que achego toda a documentación preceptiva, que é certo o que manifesto e, entodo caso:

- Que se permitirá o paso de vehículos e peóns segundo as indicacións da Policía Local.
- Que as estadas ou valos de obra disporán dunha guía ou elemento horizontal interior que poida ser detectado por persoas con discapacidade visual, e un pasamáns continuo instalado a 0.90 m. do solo.
- Que na instalación de estada se garantirá un paso seguro para peóns, segundo a documentación gráfica anexa.
- Que cando un itinerario peonil discorra baixo una estada, se sinalizará mediante balizas luminicas, garantindo a iluminación en todo o percorrido peonil da zona de obras.
- Qua as estadas deberán contar coas medidas necesarias para evitar que os materiais e ferramentas de traballo poidan caer á rúa, onde se colocarán os sinais de precaución que sexan convintes.
- Que os pés das estadas revestiránse de materiais flexibles e de color estridentes a fin de evitar roces e danos.
- Que se evitarán elementos que sobresaian das estruturas e, de non ser posible, se protexerán con materiais seguros e de cór contrastada dende o solo ata unha altura de 2.50 m.

**COMUNICO**, que procederei á súa instalación a partires do día \_\_\_\_\_ (A comunicación deberá realizarse cunha antelación mínima de 15 días hábiles), cun prazo de execución de \_\_\_\_\_.

ADVIRTESE QUE consonte co disposto no apartado 4º do artigo 71.bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achegue ou incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación previa, ou a non presentación perante a Administración competente da declaración responsable ou da comunicación previa, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou da actividade afectada dende o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbese lugar.

Así mesmo, a resolución da Administración Pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituir a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado, todo isto, consonte aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación.

AUTORIZO aos efectos da normativa de protección de datos de carácter persoal, a esta Administración á comprobación telemática con outras Administracións Públicas de datos declarados e demais circunstancias relativas ao exercicio da obra a executar.

Consonte coa Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial e poderán ser incorporados aos correspondentes ficheiros do Concello de Santa Comba. En calquera momento poderá exercitar os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo por escrito e presentándoo perante o Rexistro do Concello.



# CONCELLO DE SANTA COMBA

*Terra de Xallas*

Praza do Concello 1, 15.841 Santa Comba (A Coruña). Tlfs: 981 880 075 - 609 241 138 Fax: 981 880 716  
Web: [www.santacomba.es](http://www.santacomba.es) eMail: [correo@santacomba.dicoruna.es](mailto:correo@santacomba.dicoruna.es)

## DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA COA PRESENTE SOLICITUDE

Impreso CP7, comunicación previa de estadas, plataformas elevadoras e valos de obra.

Datos identificativos do solicitante:

- Persoas físicas: Copia dun documento acreditativo de identidade do solicitante ou do representante legal (segundo acreditación que se achega consistente en autorización expresa do solicitante, poder notarial ou declaración responsable).

- Persoas xurídicas: D.N.I. do representante da entidade e da documentación acreditativa da representación e escritura ou documentos de constitución e/ou acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente incritos no Rexistro Público que corresponda.

Liquidación provisional das preceptivas taxas municipais. Carta de pagamento provisionais. Serán confeccionadas no momento da Comunicación Previa en base a os datos sobre ornamentos proporcionados polo solicitante, debendo ser asinada copia ou ben justificante de recepción pola persoa que presente a comunicación que asinará en representación do solicitante. As cartas de pagamento poderánlle ser notificadas ao solicitante por medio do correo electrónico que se faga constar no modelo normalizado da solicitude.

Esbozo en planta da situación do valo de obra na rúa, que garanta o paso protexido para peóns, de 0.90 m. (só para valos de obra).

Estadas a partir de dous metros.

Nestes casos deberán achegar a seguinte documentación técnica:

- Nomeamento de dirección facultativa competente ou ben, no caso de non ser preciso, a elaboración dun plan de montaxe, utilización e desmontaxe, e a designación de montador técnico que posúa, como mínimo, dous anos de experiencia profesional e o título básico en prevención de riscos laborais (achegando, no caso, a documentación requirida pola aplicación do R.D. 2177/2004, do 12 de novembro, que modifica o R.D. 1215/1997, do 18 de xuño).

Declaración responsable (ou certificado colexial) de técnico competente no que figuren os seus datos persoais e profesionais de xeito que se permita a súa identificación e na que se acredite que non se atopa inhabilitado ou incurso en causa de incompatibilidade.

En Santa Comba, a        de        de        .

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SANTA COMBA.